



A normativa da USC para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1996 establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos así como o procedemento para a solicitude de cambio de grupo e os criterios para a resolución destas peticións.

Pola súa parte a Xunta de Facultade de Dereito do pasado 13 de febreiro de 2001 aprobou as directrices que rexerán o cambio de grupo para os cursos sucesivos.

Para a correcta aplicación destas directrices e a súa adecuación á demais normativa académico-administrativa que é de aplicación compre dicta-la seguinte

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Adscrición a grupos.- Os alumnos adscribense ós diferentes grupos de cada materia en función da inicial do primeiro apelido (Grupo A: A-F; Grupo B: G-O; Grupo C: P-Z).

Segundo.- Número de Alumnos por grupo: Tódolos grupos terán un número de alumnos teóricos igual, que será o resultado de dividir o número de alumnos do ano académico anterior matriculados na materia entre tres (catro no caso de que a materia tivese catro grupos).

Terceiro.- Límites para o cambio de grupo.- As posibilidades de cambio de grupo estarán limitadas para impedir graves desequilibrios nos grupos que prexudique a calidade docente. Non se autorizarán cambios de grupos que aumenten ou diminúan nun 15 % o número teórico de alumnos asignado a cada grupo.

Cuarto.- Procedemento

- a) **Solicitudes.-** Só se permitirá o cambio de grupo nas materias obrigatorias da titulación. Os alumnos poderán solicitar o cambio de grupo en todas ou nalgunha das materias que matricule ou pretenda matricular seguindo unha orde de preferencia.
- b) **Prazo e lugar de presentación das solicitudes -** Deberá solicitarse do 2 ó 5 de outubro de 9 a 14 horas no Servicio de Alumnado (Pavillón estudiantil, segundo andar). Os impresos poderán recollese no Centro, nos lugares habilitados a tales efectos ou no Servicio de Alumnado.
- c) **Criterios de selección.-** Ó abeiro das Normas de Xestión Académica o criterio de autorización do cambio será o expediente académico do alumno.
- d) **Valoración do expediente do alumno.-** A valoración do expediente realizarase segundo se indica na norma 17.3.1 de Xestión Académica. A media realizarase considerando a última cualificación optada polo alumno en cada materia. Os suspensos e os non presentados que figuren no expediente non se terán en conta. No caso de empate na nota do expediente dos alumnos que soliciten cambio de grupo dunha mesma materia e haxa que realizar unha selección por superarse o límite máximo ou mínimo autorizado en cada grupo, teránse en conta os suspensos, detraéndose da nota do expediente 0,10 puntos por cada suspenso que figure no expediente do alumno. A selección dos alumnos realizarase de maior a menor cualificación.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- e) Alumnos de primeiro por primeira vez.- Para este alumnos a cualificación que se terá en conta será cualificación definitiva da selectividade. Como esta cualificación é exclusivamente cuantitativa, a equivalencia da mesma farase consonte se indica na norma 17.3.2 de Xestión Académica.

Quinto.- Resolución do procedemento.- Realizarase coa publicación das listas dos alumnos ós que lles foi autorizado o cambio de grupo. Os alumnos que tendo solicitado o cambio de grupo non figuren no listado de autorizados considerase que a petición foilles desestimada.

Sexto.- Correspóndelle ó Decano da Facultade a resolución das peticións de cambio de grupo, que poderá recorrerse en alzada perante ó Rector no prazo dun mes dende que se dictou o acto.

Será de aplicación a normativa académica e maila Lei30/1992 das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2001

O DECANO



Francisco Javier Gárate Castro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SRS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO - SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. DIRECTOR DO SEIN - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR